

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2019.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de febreiro de dous mil dezanove; as dez horas e quince minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín., Dona María López Touza.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado once de febreiro do dous mil dezanove (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

Habéndose producido un erro nas datas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.09.2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda rectifica-lo, quedando o acordo do seguinte xeito:

**“LICENCIA DE OCUPACION.-**

Visto o expediente tramitado a nome de **María del Rosario Freijido Dávila**, veciña desta Vila, con domicilio na Travesía Santiago I, nº 7 (Fornos nº 3A), no que solicita licencia de primeira ocupación para dito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta que presentou certificado de fin de obra de data 07.04.2006, visado con data 28.04.2006 e consta no expediente informe da visita de comprobación realizada pola Técnica municipal con data 07.09.2011, acorda acceder o solicitado, concedendo licencia de primeira ocupación para o inmovible sito na rúa Travesía Santiago I, nº 7 (Fonos nº 3A), desta Vila”.

-Escrito de dona María Genoveva Menacho García , con rexistro de entrada no concello 646 de 11 de febreiro de 2019, no que expón que “ Presentado proyecto para cambio de cubierta y no adaptandose la normativa a mis necesidades . No realizaré la obra propuesta” e solicita “ la devolución del ICIO pagado al presentar el proyecto”

Considerando que con data de 8 de xaneiro de 2019 dona María Genoveva Menacho García ingresou 271,90 euros en concepto de liquidación provisional do ICIO en relación á solicitude de rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar sita na rúa Irmáns Alvarez Araújo nº 14 .

A xunta de goberno acorda:

-Aceptar o desestimento de solicitude de licenza para rehabilitación de cuberta en vivenda unifamiliar sita na rúa Irmáns Alvarez Araújo nº 14 presentado por dona María Genoveva Menacho García.

-Proceder a devolución dos 271,90 euros ingresados ao concello en concepto de autoliquidación provisional do ICIO da solicitude de licenza .

-Escrito con rexistro de entrada no concello 728 de 14 de febreiro de 2019 de Grupo Clave Consultores SA , en relación ao aval solicitado por importe de 5236 euros, a Banco Sabadell, polo contrato de “ Consultoría e asistencia técnica para a execución das accións do proxecto Avia Crea Futuro da Iniciativa Comunitaria Equal “ ante o concello de Ribadavia, solicitan a devolución do aval para proceder á súa cancelación ante a entidade bancaria.

A xunta de goberno acorda proceder á devolución do aval depositado a Grupo Clave Consultores SA, para a retirada do aval e ,a efectos da debida constancia, debe ser retirada por persoa con poder suficiente ao efecto ou por un representante da empresa ou mensaxeiro que aporte autorización por escrito da persoa con poder da empresa que lle habilite para recoller o aval.

-Escrito de dona Sandra Veleiro González , como presidenta do Ribeiro do Avia Fútbol Club , no que expón :” Debido a la exención aprobada por el pleno del concello , para que las vallas publicitarias conseguidas por los clubs deportivos y expuesta en instalaciones municipales . Siendo en el período en que se ejercieron las anteriores liquidaciones nuestro club el único que cumplió con dichas tasas , en concreto con fecha veintiuno de febrero de dos mil catorce ( doscientos cincuenta euros).

Solicita : “ la devolución de dicha cantidad”

Visto o informe de intervención de data 12 de febreiro de 2019 no que se conclúe “ non procede a solicitude realizada pola Presidenta do Ribeiro de Avia Fútbol Club”. O citado informe incorpórase como motivación ao presente acordo aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e copia do mesmo dárase traslado á interesada.

A xunta de goberno acorda:

-Non acceder á solicitude de devolución das taxas abonadas ao Ribeiro de avia Club de fútbol por importe de 250 euros, por non resultar axustado a dereito o solicitado.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Convocatoria da Comisión de Seguemento , Vixilancia e Control do Convenio Marco entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da Provincia para a prestación , por parte da Deputación Provincial , en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal , do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos municipios da provincia.

-Escrito do Posto da Garda Civil de Ribadavia comunicando a existencia dun pozo sen medidas de seguridade en Santo André.

-Oficio do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense , no procedemento abreviado 0095/2017 , dando traslado do escrito presentado pola contraparte solicitando o arquivo do procedemento por satisfacción extraprocésal.

-Comunicación de resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil de expediente de autorización para desbroces en accesos, senderos e postos de pesca do Coto de Pesca de Ribadavia , en zona de servidume de ambos marxes do río Avia, nos termos municipais de Leiro, Beade, Cenlle e Ribadavia.

-Escrito da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA , solicitando información para facilitar os traballos de apoio técnico aos concellos que solicitaron a adhesión ao Convenio de colaboración suscrito entre Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

-Notificación de decreto do deputado delegado da área de facenda da Deputación declarando xustificada a subvención da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia de 20 de abril de 2018 e ordenando que se proceda ao pago de 35.000 euros correspondentes á dita subvención.

-Notificación de acordo do deputado delegado de Cooperación da Deputación Provincial declarando elixidos os titulares das comarcas na Comisión de seguemento, Control e vixilancia do Convenio marco de cooperación entre a Deputación de Ourense e os concellos adheridos para a ordenación e xestión do servizo de recollida de animais abandonados.

-Notificación de decreto da Presidencia da Deputación declarando a perda do dereito ao cobro das subvencións para os proxectos III Aerobithon Ribadavia, Programa actividade física adultos e Multiactividade Infantil.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes o exercicio 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 28 de xaneiro de 2019 e publicadas no B.O.P. nº 30, de 5 de febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado: “Actividades Feira do Viño do Ribeiro”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

#### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes o exercicio 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 28 de xaneiro de 2019 e publicadas no B.O.P. nº 30, de 5 de febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado: “Festas do Portal”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

#### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes o exercicio 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 11 de xaneiro de 2019 e publicadas no B.O.P. nº 20, de 24 de xaneiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado: “Festival UKP Day”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases.

#### **Solicitud de subvención**

Vista a Resolución do 28 de decembro de 2018 ,da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida , cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2019( Diario Oficial de Galicia 08.02:2019)

A xunta de goberno local acorda:

Solicitar axudas do Programa de Fomento da Conciliación nas entidades locais e aceptar expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria para o programa de conciliación (art 6.1.a) AVIACONCILIA , contía solicitada 9100, total custes directos de personal 9100.

Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente a Justo Fernández Martínez NIF 444\*\*\*\*\*, traballador social.

Financiar o custe das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade para a súa completa realización.

#### **APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M. -**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2019 por importe de 229.757,18 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 1 de Marzo e o 30 de Abril de 2019.”

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez horas e trinta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**